

Secretaría Xeral de IIPP
Grupo de Traballo de Formación

Recibida a proposta de actividades formativas, da Secretaría Xeral de IIPP, para o exercizo 2024, celebráronse dúas reunións do grupo de traballo, na primeira, expuxéronse as opinións sobre a proposta, a Cig manifestamos:

- En primeiro lugar, sinalamos a nosa disconformidade coa forma de programación, varios cursos, quizás os máis importantes, xa foron convocados antes de celebrar reunión algunha das organizacións sindicais, é dicir de “*motu proprio*” pola Administración, o que descafeína totalmente a negociación e por ende o acordo final. Tampouco entendemos a insistencia de manter o curso “Reciclaje y certificaciones de guías caninos...”, o cal, ademais sin seguir dando ningunha razón convincente da súa implantación e mantendo, dado que as funcións que, presuntamente, realizan son totalmente asumibles polos cueros e forzas de seguridade, tampoo se fixo ningún tipo de valoración do seguimento da súa labor e resultados. Na relación que se nos entregou non figura o nº de edicións por curso e nos centros que se realizaron, nos supostos de cursos descentralizados, tamén có obxectivo de valorar a súa repetición, supresión de edicións, etc. etc.
- En segundo lugar, e tras o expresado anteriormente, a nosa proposta modificativa baséase nos seguintes puntos:
 - 2.1- Pasar o curso de Capacitación de Guías caninos a uno dos últimos lugares da proposta, sobre todo ata que non se realice unha valoración de resultados de traballo que veñen desenrolando.
 - 2.2- Valorar, en función dos cursos impartidos o pasado exercizo nos centros penitenciarios, aquelas edicións que se poidan suprimir debido a que, varios centros NON RECIBEN en concursos persoal de novo ingreso, solo cheega persoal de centros onde xa recibiron isos cursos formativos.
 - 2.3 - Propomos a inclusión dun curso formativo, vía online, para VERIFICADORES de TBC e de Talleres e Programas en Medio Aberto, dado o gran incremento desta forma de execución penal. Proposta que realizamos debido a que, nun principio encomendouse esta función os coordinadores CIS, xa naceu coxa, pois en centros onde non hai CIS non hai coordinadores. Para solventar habilitouse ós directores de programas, (moi poucos aceptaron o envite), e posteriormente a funcionarios en segunda actividade
 - 2.4 –O programa de intervención en violencia de xénero debería de contar con dúas edicións, unha para o persoal que o realiza no interior dos centros e outro para o que o realizar en medio aberto, totalmente escasos de profesionais que lo executen neste medio, dando lugar a que teñan que ser as entidades colaboradoras, ONGs, Fundacións, etc....., o que conleva á privatización do servizo.
 - 2.5 – O programa Normativa e procedementos no cumprimento de liberdade condicional, onde non se especifica en qué vai consistir, nin a quen va dirixido preferentemente, propomos o seu cambio de denominación e contido polo de “Procedimiento y SEGUIMIENTO del cumplimiento de la libertad condicional y la vigilada”, xa que existe unha gran confusión nos mesmos, e sobre todo a quen lle toca o seguimento de cada uno deles. Tamén aquí se observa un desentendemento dos centros sobre o seguimento, derivando en persoal de segunda actividade e ...novo caos.

Por lo exposto, propomos:

- Un seguimento de cursos por centro, para ver realmente donde se necesita cada curso, e non sexa simplemente para que “alguen” cobre un plus de impartición.
- Que se estableza un programa modular por curso, para que se poida impartir parcialmente por alumno, según necesidades de traballo. Por exemplo, o curso SISPE, podese modular, nunha parte básica e xeral para todos e logo por especialidades, entre elas a de verificador, liberdade vixilada, etc.
- Seguindo co anterior propomos o mesmo cos cursos de liberdade condicional, unha parte ou módulo para os Trabaxadores Sociais, non solo psicólogos pois eles non van a realizar o seguimento da liberdade condicional.
- Para poder realizar o anterior, evidentemente precisaríase tener un grupo de traballo estable e permanente.

Na segunda reunión e definitiva, a nosas propostas, a administración contesta o seguinte:

- Admite e asume crear un grupo de traballo tal e como propomos, comprometéndose o subdirector Xeral a levar él directamente a proposta a mesa delegada próxima.
- En canto a establecer cursos modulares, tamén o asumen, pero habería que facer un estudo sobre o tema, ó igual que o seguimento dos cursos a impartir en determinados centros que xa o poden ter casi todos os empregados. Estas dúas cuestións serían funcións que desenrolaría o grupo de traballo. Como proba experimental, iniciárase, este mesmo ano, co curso SISPE, cunha parte específica para verificadores de TBC, tal e como propoñíamos e nos dice a xefa de área, que aa falou coa subdirección responsable do curso e o van poñer en práctica de inmediato.
- Pasannos, tal e como pedíramos, un informe sobre los guías caninos o cal, (se ben o resto de organizacións lles pareceu estupendo), a nos nos parece un churro, similar ós autos do xuíz Castellón, primeiro imputou por un delito e logo creou os feitos, igual. O subdirector contestanos que, se ben es moi mellorable, o ser feito pola petición nosa na anterior reunión, non tiñan tempo de facer un seguimento real do programa, pero que, de agora en adiante, comprometíase a facer unha avaliación sería do programa, tendo en conta o que pedíamos, costes, tempo, medios, resultados, continuidade, etc. etc.
- O subdirector Xeral, a motu proprio ofrece pasar a compensación por asistencia a cursos en horas que non se traballa do 50% actual ó 100%, que é o que se viña pedindo por todas as OO.SS. ano tras ano.

A vista de que nos atenderon, en certa medida, parte das nosas alegacións, decidimos firmar o plan, ó que, parece ser que tras conversacións telefónicas co Subdirector Xeral, ó final se uniron todas as OO.SS.

Galiza a 29 de febreiro de 2024